



# PLAN DIXITAL

EEI de Carantoña  
15018938

Versión 1.0\_ xuño 2022

## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- Datos básicos do centro
- Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- Breve xustificación do mesmo
- Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- Fontes empregadas para a análise DAFO
- Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- Obxectivos, indicadores e accións
- Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- Seguimento do Plan de Acción
- Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

<b>Nome do Centro:</b> EEI de Carantoña	<b>Código:</b> 15018938	<b>C.I.F.:</b> Q 6555173A
<b>Enderezo:</b> Praza de Carantoña, nº 17	<b>Localidade:</b> Carantoña	<b>Concello:</b> Vimianzo
<b>Código Postal:</b> 15129	<b>Provincia:</b> A Coruña	<b>Tif.:</b> 673356693
<b>E-mail:</b> <a href="mailto:eei.carantona@edu.xunta.gal">eei.carantona@edu.xunta.gal</a>		

En canto ao CONTORNO, a EEI de Carantoña está situada nunha zona do rural da que procede todo o alumnado, aínda que o núcleo urbano máis próximo atópase a aproximadamente a oito quilómetros. A procedencia familiar do ALUMNADO responde, na maioría dos casos, a familias nucleares formadas polos pais e irmáns, aínda que cada vez máis se incrementa a convivencia con outros ascendentes, que comparten a mesma vivenda unifamiliar dotada dos servizos básicos.

O nivel socioeconómico das familias é medio ou baixo e mesmo hai un número importante de familias con algún dos seus membros en paro. Na meirande parte das familias traballa un só dos proxenitores adicándose o outro ao coidado da casa.

### **DISTRIBUCIÓN DO PROFESORADO.**

O profesorado que imparte docencia neste centro é o seguinte:

- Mestra responsable do centro: Beatriz Rodríguez Cougil.
- Nodar Tomé, Carmen: mestra de relixión que ten como centro base o CEIP de Bañas.

- Rodríguez Pérez, M<sup>a</sup> Beatriz: mestra de inglés que ten como centro base o CEIP de Torrexallóns.
- Domínguez Casais, Mónica: orientadora que ten como centro base o CEIP de Plurilingüe san Vincenzo.

## **DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO.**

Está formada por 3 grupos de alumnos e alumnas repartidos do seguinte xeito:

- 4º E.I. (3 anos): 1 alumna.
- 5º E.I. (4 anos): 3 alumnas.
- 6º E.I. (5 anos): 2 alumnos e 1 alumna.

O alumnado forma un grupo mixto dun total de 7 alumnos/as.

### **1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e a Programación Xeral Anual. Ambos documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se*

*ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

#### **1.4. Proceso de elaboración**

A EEI de Carantoña é unha escola unitaria. Esta peculiaridade fai que a organización para o desenvolvemento do plan dixital do centro recaia unicamente na mestra responsable, xa que exerce todas as funcións dos órganos de goberno, asumindo tamén a de coordinadora do plan dixital.

Durante o curso 2021-2022, elaborouse o presente Plan Dixital por medio do PFPP con código C2131069, consistente nun grupo de traballo integrado por profesorado de seis escolas unitarias: EEI de Carantoña, EEI de Carnés, EEI de Traba, CEIP de Castromil ,CEIP de Camelle e C.E.I.P de Torrexallóns. Os mestres de ditas escolas reunímonos de forma periódica en distintas sesións de traballo para levar a cabo as actividades requeridas de cara á consecución da creación do Plan Dixital de Centro.

Constituímos este grupo de traballo co obxectivo de desenvolver actividades que favorecesen a elaboración do Plan Dixital dos nosos centros e recibimos o asesoramento, a guía e as indicacións do grupo ADIX Vimianzo.

Ademais das sesións de traballo autónomo por parte do profesorado, recibimos sesións de formación sobre o propio Plan Dixital e os diferentes pasos a realizar para a súa correcta elaboración (test SELFIE, test CDD, DAFO e plan de acción. Tamén contamos en todo momento co contacto do mentor ADIX para solucionarnos dúbidas e axudarnos na elaboración das diferentes partes.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Actualmente o edificio da EEI de Carantoña está dividido en dous módulos independentes coa seguinte distribución:

- Módulo 1: un recibidor, a aula de infantil (3, 4 e 5 anos), cuarto de baño e un pequeno despacho.
- Módulo 2: un recibidor, ximnasio e baño (en mal estado e pendente de reformar polo concello).

Ademais destes dous módulos existe unha zona de xogo exterior, composta por randeiras, balancín, tobogán e cabaliño, así como un pequeno areeiro e unha zona de campo. Esta zona non é de uso exclusivo para o centro.

Na escola non existe un espazo cuberto dispoñible para os recreos, polo que cando chove teñen que realizarse no ximnasio.

Os recursos informáticos cos que contamos para levar a cabo este plan son: dous ordenadores portátiles (algo vellos e con certas dificultades de funcionamento), un ordenador de sobremesa con altofalantes, impresora multifunción (con mala calidade de impresión), unha tablet, dúas mesas de luz, impresora de sobremesa en color, pantalla dixital interactiva, proxector, cámara web e radio CD.

### 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.					
	Profesorado	2				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	2				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	1,9				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,4				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,4				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	2				
	Alumnado					

Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>			
<b>PROVISIONAL</b>			
<b>INTERINO</b>	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
<b>SUBSTITUTO</b>			
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación	Nivel de	Puntuación	Nivel de
------------	----------	------------	----------

media do test (sobre 192)	competencia	media do test en Galicia (sobre 192)	competencia en Galicia
<u>62</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

## 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>62</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	68.2	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI				
ES O				
BA C				
F.P				

## 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	1	100%
<b>B1</b>		
<b>B2</b>		
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>		



### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>		A1 Estratexia dixital A3 Novas modalidades de ensinanza C1 Infraestructura C7 Protección de datos C10 Dispositivos propiedad del centro para alumnos. Falta de actividades de formación.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	D3 Intercambio de experiencias E1 Recursos educativos en liña. E4 Comunicación coa comunidade educativa Boa relación e colaboración coas escolas unitarias da contorna.	A4 Tempo para explorar a ensinanza dixital. E2 Creación de recursos dixitais F3 Fomento da creatividade Falta de tempo e moita carga de traballo debido ao horario e a particularidade de ser unha escola unitaria. Baixa competencia dixital no persoal docente.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>		C10 Dispositivos propiedad do centro para os alumnos.
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		

<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>		

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Importancia da figura do mentor ADIX no proceso de elaboración do Plan Dixital.	Falta de tempo e moita carga de traballo debido ao horario e a particularidade de ser unha escola unitaria. Necesidade dunha renovación parcial do equipamento tecnolóxico do centro. Falta de redes de apoio nas escolas unitarias.
	<b>LEXISLACIÓN</b>		Excesiva lexislación educativa.
	<b>CONTORNA</b>	Posibilidade de mellorar a alfabetización dixital nas familias e na contorna.	
	<b>ANPA</b>		O centro non ten ANPA.
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		B4 Sinerxias para a aprendizaxe mesta Escasa colaboración co centro ó que estamos adscritos.

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O noso centro presenta unha serie de necesidades a solventar de cara a unha progresiva mellora na dixitalización da aula:

1. Mellorar a competencia dixital do profesorado a través de actividades de carácter dixital con menos carga teórica e máis centradas na practica diaria docente no entorno das escolas unitarias.

Grazas á ferramenta SELFIE e ó test de CDD, detectouse esta necesidade, que ten que ver directamente coa formación do profesorado para mellorar a súa competencia dixital e así poder incluír na aula novas metodoloxías e recursos relacionados con dita competencia. Por iso, un dos obxectivos para o curso 2022-2023 será solicitar un PFPP que nos permita mellorar as habilidades dixitais, así como realizar diferentes cursos co mesmo fin.

2. Actualizar o equipamento tecnolóxico do centro, axeitando os equipos do centro ás necesidades dos docentes e o alumnado.

O vindeiro curso realizaremos un inventario de dispositivos dixitais, así como detectaremos as necesidades que o centro ten neste sentido para o antes posible tratar de cubrilas. Será imperativo tomar nota tanto de carencias, como de equipos desfasados ou que necesitan mantemento, para poder solicitar os cambios ou as revisións pertinentes.

3. Utilizar as TIC como medio para mellorar a actividade docente. Aínda que este Plan Dixital se realizou a través dun grupo de traballo e que as escolas unitarias participantes no mesmo están moi unidas e adoitan traballar en

conxunto, tamén consideramos que sería positivo crear unha verdadeira rede de traballo entre todas as unitarias da zona ADIX Vimianzo. As características dunha escola unitaria son moi específicas e a cantidade de tempo do que o mestre responsable dispón é moi limitada, polo que un dos nosos obxectivos consiste en crear esa rede e axudarnos entre todos, así como programar actividades de forma colaborativa. Tamén nesta liña, outra das metas que tentaremos conseguir ó comezo do vindeiro curso será informarnos de programas nos que podemos participar de cara á dixitalización do noso centro e á colaboración con outras escolas.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Actualización dos medios tecnolóxicos presentes no centro (durante os primeiros meses do vindeiro curso revisaranse estas necesidades para determinalas e poder poñerlles solución):

- Revisión do funcionamento dos equipos portátiles e da tablet.
- Renovación dos sistemas operativos e software.
- Revisión da instalación dos aparellos dixitais á rede eléctrica.
- Renovación do equipo de impresión multifunción.
- Instalación dunha conexión a Internet por cable no equipo de sobremesa.
- Calibrado da pizarra dixital interactiva.

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: A Competencia dixital do profesorado.						
<b>OBXECTIVO 1: (A4)</b>	Mellorar a competencia dixital do profesorado a través de actividades de carácter dixital con menos carga teórica e máis centradas na practica diaria docente no entorno das escolas unitarias.				<b>Acada do</b>	
<b>Responsable:</b>	Mestre responsable.				<b>Non acada do</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Nº de cursos sobre ferramentas dixitais.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 cursos sobre ferramentas dixitais					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1 cursos sobre ferramentas dixitais					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	

AO1.1: Solicitar PFPP de formación en competencia dixital docente.	Coordinador do Plan Dixital	22/12/2022	Equipo docente. CFR de A Coruña. FPROFE INTEF		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realizar os cursos ofertados.	Mestre responsable.	20/06/2023	Material dixital. Cursos T.I.C.s. Asesoramento persoal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C Infraestructuras e equipamentos.						
<b>OBXECTIVO 2: (C8)</b>	Actualizar o equipamento tecnolóxico do centro, axeitando os equipos do centro ás necesidades dos docentes e o alumnado.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador do Plan Dixital.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Porcentaxe de equipo actualizado					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% equipamento actualizado					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% equipamento actualizado					

### ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA A FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Determinar as necesidades de equipamento informático no centro.	Coordinador do Plan Dixital	01/11/2022	Inventario dispositivos dixitais Valoración do estado do material dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Solicitar instalación dos compoñentes actualizados.	Coordinador do Plan Dixital	15/12/2022	Inventario dispositivos dixitais Valoración do estado do material dixital.		Realizada	

<b>Área/s de mellora: A</b>		<b>Alumnado e docentes.</b>			
<b>OBXECTIVO 3: (A3)</b>	Utilizar as TIC como medio para mellorar a actividade docente.				<b>Acada do</b>
<b>Responsable:</b>	Mestre responsable.				<b>Non acada do</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de programas ou redes nas que participa o centro.				
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 participación en programas ou redes				
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1 participación en programas ou redes				
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>					
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>
AO3.1: Coñecer os programas nos que podemos participar.	Mestre responsable	01/10/2022	Medios dixitais da Consellería de Educación.		<b>Realiza da</b>
					<b>Apraza da</b>



					<b>Pende nte</b>	
AO1.2: Crear unha rede de escolas da contorna Adix Vimianzo.	Mestres e mestras responsables das escolas unitarias.	22/12/2022	Mentores Adix Vimianzo. Reunións e convocatorias. Webex. Abalar		<b>Realiza da</b>	
					<b>Apraza da</b>	
					<b>Pende nte</b>	
AO1.3: Colaborar entre as escolas unitarias para programar actividades e dotar de contidos.	Mestre responsable	29/06/2022	Mentores Adix Vimianzo. Reunións e convocatorias. Webex. Abalar		<b>Realiza da</b>	

## 4. Avaliación do plan

- A **avaliación procesual** farase unha vez ao fin de cada trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- A **avaliación final** farase no final do curso académico. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

O Plan dixital difundirase entre toda a Comunidade Educativa a través da páxina web do centro, con aviso ás familias mediante Abalar.